

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

ORDE do 27 de decembro de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para a apertura de novos establecementos comerciais e se procede á súa convocatoria para o ano 2014 (código de procedemento IN217A).

A Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia posúe, entre outras competencias, as referidas ao comercio interior e á planificación e desenvolvemento das estruturas comerciais, nos termos recollidos no Decreto 324/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria. Dentro destas cabe sinalar, especificamente, a promoción, fomento, modernización e desenvolvemento do comercio e a programación e xestión de axudas destinadas a estes fins.

O comercio ten unha importancia fundamental para a economía galega, ao tempo que actúa como un elemento vertebrador das nosas vilas e cidades.

O obxectivo do goberno galego é volver situar o noso comercio na posición que tradicionalmente veu desempeñando no desenvolvemento económico e social das nosas vilas, xa que exerce un papel cohesionador básico na actividade económica xeral, non só pola función primaria de abastecemento da sociedade, senón tamén por revelarse como unha das actividades económicas con maior capacidade de incidencia nos contornos urbanos, na súa ambivalencia urbanística e social, e que amosa unha maior capacidade de crear emprego, sobre todo entre colectivos con menor capacidade de acceder ao mundo laboral como é a muller.

A nova política de comercio da Xunta de Galicia ten como obxectivo prioritario o pulo da actividade comercial e o crecemento, procurando a creación de emprego no ámbito do sector.

Por isto, a Consellería de Economía e Industria, a través desta orde de axudas, dirixida a emprendedores no ámbito do comercio, persegue incentivar a creación de emprego en materia de comercio así como a modernización, adecuación e calidade dos novos establecementos comerciais, co obxectivo de acadar un tecido comercial equilibrado e competitivo que dea resposta ás demandas dos consumidores e que dinamice a actividade comercial das nosas vilas e cidades e mellore a súa imaxe e seguridade.



Así, búscase a potenciación da competitividade do sector comercial galego, incentivando o asociacionismo e a prestación de servizos aos clientes en conxunto ao mesmo tempo que se procura a mellora da atención ao consumidor, especialmente en aspectos como a resposta as súas necesidades e as facilidades para a resolución de conflitos.

A Xunta de Galicia, mediante o desenvolvemento do Plan Impulsa-Lugo, do Plan Impulsa-Ourense, do Plan Ferrol, Eume e Ortegaleira e do Plan Revive Costa da Morte pretende impulsar o crecemento e a creación de riqueza nos concellos comprendidos nos devanditos plans. Dado que as provincias de Lugo e Ourense e os concellos de Ferrolterra e da Costa da Morte se viron afectados con especial incidencia pola desaceleración no desenvolvemento das empresas existentes, así como por unha menor implantación de novas iniciativas empresariais, considérase fundamental que a Dirección Xeral de Comercio, a través das súas liñas de axudas, favoreza as iniciativas comerciais implantadas nestas áreas xeográficas coa finalidade de estimular o seu desenvolvemento económico e social e mellorar o seu tecido comercial.

Ademais, a orde de axudas incentiva especialmente a creación de novos establecementos en concellos situados en zonas rurais, de menos de 5.000 habitantes, para garantir o abastecemento de toda a poboación e procurar a adecuación do tecido comercial galego ás características do territorio da nosa comunidade autónoma buscando o equilibrio na diversidade da oferta comercial.

A Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada dos expedientes de gasto, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola Orde do 25 de outubro de 2001, posibilita a tramitación anticipada dos expedientes de gasto imputables ao capítulo VII no exercicio inmediatamente anterior ao dos orzamentos con cargo aos cales se vaian imputar os correspondentes gastos, sempre que exista crédito adecuado e suficiente no proxecto de Lei de orzamentos xerais aprobado polo Consello da Xunta de Galicia do día 18 de outubro de 2013.

De acordo co disposto no artigo 3.1 da Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, a tramitación anticipada poderá chegar como máximo ata o momento anterior ao da disposición ou compromiso de gasto. Así mesmo, segundo o establecido no artigo 5 da devandita orde, todos os actos de trámite ditados en desenvolvemento desta orde enténdense condicionados a que, unha vez aprobada a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento da súa aprobación.



Con este fin, no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014 está consignado crédito por importe de 500.000,00 €, na aplicación orzamentaria 08.02.751A.770.1, para atender as axudas da presente orde.

A teor do exposto, en virtude das competencias que ten atribuída a Consellería de Economía e Industria en materia de comercio interior, e no exercicio das atribucións que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Convocatoria e bases reguladoras*

1. Esta orde ten por obxecto aprobar as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións da Consellería de Economía e Industria para a apertura de novos establecementos comerciais.

2. Así mesmo, por medio desta orde convócanse as devanditas subvencións para o ano 2014.

3. Para a concesión destas subvencións destínase un crédito de 500.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 08.02.751A.770.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que exista crédito adecuado e suficiente no proxecto de Lei de orzamentos xerais aprobado polo Consello da Xunta de Galicia do día 18 de outubro de 2013.

Artigo 2. *Solicitudes e prazo de presentación*

1. As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado de solicitude (anexo IV) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos e 24 do Decreto 198/2010, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.

2. Alternativamente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.



3. En caso de enviarse por correo, o envío deberá ser certificado, co selo de Correos na primeira folia do formulario para garantir que a data de remisión é anterior á de peche da convocatoria.

4. O prazo para a presentación de solicitudes remata o día 30 de xuño de 2014.

5. A Consellería de Economía e Industria velará polos datos de carácter persoal que serán obxecto de tratamento, e para tal efecto procederá á súa incorporación a un ficheiro que cumprirá as exixencias da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, adoptándose tanto as medidas de seguridade técnicas como organizativas.

A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do expediente correspondente e as que deriven da aplicación da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega.

Os datos non serán obxecto de cesión a terceiros; non obstante, a Consellería de Economía e Industria revelará ás autoridades públicas competentes os datos persoais e calquera outra información que estea no seu poder ou sexa accesible a través dos seus sistemas e se requira de conformidade coas disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso.

Decláranse recoñecidos e poderán exercerse os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición por escrito e enviando identificación suficiente ao seguinte enderezo: Edificio Administrativo San Caetano, s/n, 15704 Santiago de Compostela, ou ben mediante o procedemento habilitado para o efecto e que poderá encontrar na guía do cidadán da páxina web da Xunta de Galicia.

Artigo 3. *Prazo de duración do procedemento de concesión*

Unha vez finalizado o prazo para a presentación de solicitudes, estas serán tramitadas e valoradas de acordo co procedemento establecido nas bases reguladoras, que non poderá ter unha duración superior a tres meses, contados a partir do día seguinte ao do remate de presentación de solicitudes.

Artigo 4. *Información aos interesados*

Sobre este procedemento administrativo, que ten o código IN217A, poderase obter información na Dirección Xeral de Comercio, a través dos seguintes medios:

a) Na guía de procedementos e servizos da Xunta de Galicia no enderezo <https://sede.xunta.es>



- b) Páxina web oficial da Consellería de Economía e Industria:
<http://economiaeindustria.xunta.es>, na súa epígrafe de axudas.
- c) Nos teléfonos 981 54 55 25 ou 881 99 94 81 da Dirección Xeral de Comercio.
- d) No enderezo electrónico cei.dxc.axudas@xunta.es
- e) Presencialmente.

Así mesmo, para cuestións xerais sobre este ou outro procedemento, poderá facerse uso do teléfono de información xeral da Xunta de Galicia: 012 (desde o resto do Estado: 902 12 00 12).

Artigo 5. *Recursos*

Contra a presente orde, que pon fin á vía administrativa, poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

1º. Recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Economía e Industria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

2º. Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento*

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Comercio para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento e aplicación desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2013

Francisco José Conde López
Conselleiro de Economía e Industria



ANEXO I

Bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para a apertura de novos establecementos comerciaisArtigo 1. *Obxecto e réxime das subvencións*

1. As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto a apertura de novos establecementos comerciais.

2. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva e quedará suxeito ao réxime de axudas *de minimis*, polo que non poderán exceder os límites cuantitativos (200.000 euros nun período de tres anos) establecidos no Regulamento (CE) 1998/2006 da Comisión da Unión Europea, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas *de minimis* (DOUE nº L379/5, do 28 de decembro).

3. Con carácter xeral e de acordo co establecido no artigo 29.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en diante Lei 9/2007), consideraranse subvencionables os gastos e investimentos que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actuación subvencionada.

En concreto, considéranse actuacións subvencionables sempre que estas sexan realizadas e efectivamente pagadas desde o 1 de novembro de 2013 ata a data límite de xustificación establecida no artigo 18 a adquisición de:

1) Acondicionamento do local comercial, sempre que a superficie resultante non supere os 150 m². Non será de aplicación esta limitación de superficie para as actividades encadradas baixo a epígrafe do IAE 653.1. Esta actuación será subvencionable na superficie comercial dedicada á venda.

Para estas actuacións o investimento máximo subvencionable será de 12.000,00 euros, IVE excluído, e a porcentaxe de subvención do 50 %.

2) Medidas orientadas á mellora da imaxe exterior e adquisición de moblaxe e equipamento dedicado ao desenvolvemento da actividade comercial e para uso exclusivo na superficie de venda. Quedan excluídos neste punto, os equipamentos informáticos, impresoras, televisións, monitores, sistemas de alarma ou similares.

Para estas actuacións o investimento máximo subvencionable será de 6.000,00 euros, IVE excluído, e a porcentaxe de subvención do 50 %.



3) Inversións en tecnoloxías da información e da comunicación: terminais de punto de venda (TPV integrado), paquetes de software de xestión comercial e páxinas web comerciais.

As páxinas web deberán dispor de navegación por menús e conter como mínimo páxinas de presentación da empresa, detalle da actividade comercial realizada, localización do establecemento comercial, contacto e información dos produtos que oferta.

Para estas actuacións o investimento máximo subvencionable será de 2.000,00 euros, IVE excluído, e a porcentaxe de subvención do 50 %.

4. Non serán subvencionables os impostos recuperables ou repercutibles polo beneficiario.

5. En ningún caso os solicitantes poderán superar polo conxunto de subvencións a que concorran o límite máximo de investimento subvencionable de 20.000,00 €, IVE excluído.

Artigo 2. *Financiamento e concorrencia*

1. Para a concesión destas subvencións destínase un crédito de 500.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 08.02.751A.770.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. En ningún caso, o importe da subvención regulada nesta orde, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras axudas das distintas administracións ou calquera dos seus entes públicos e privados, nacionais ou internacionais, supere o 100 % do investimento subvencionable.

3. As subvencións previstas nesta orde serán incompatibles con calquera outra das reguladas por esta consellería e entes dependentes, para os mesmos conceptos subvencionables.

Artigo 3. *Beneficiarios*

1. Poderán ser beneficiarios das subvencións, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos nestas bases, os comerciantes retalistas, xa sexan persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade xurídica, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado sen personalidade xurídica, legalmente constituídas, que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que desenvolvan a súa actividade comercial en Galicia e, así mesmo, o seu domicilio social e fiscal radique na dita comunidade autónoma.



b) Que, tendo a condición de peme conforme os requisitos establecidos pola Comisión Europea na súa Recomendación 2003/361/CE, do 6 de maio de 2003 (DOUE nº 124, do 20 de maio, p. 36), empreguen menos de dez (10) traballadores e non teñan a consideración de grande establecemento comercial segundo a normativa aplicable.

c) Estar dado de alta nalgunha das epígrafes do IAE que se relacionan no anexo II. A data de alta no imposto de actividades económicas ten que estar comprendida entre o 1 de novembro de 2013 e o 30 de xuño de 2014, ambos incluídos, e considerárase para todos os efectos como data de inicio da actividade.

d) Que figure inscrito no Rexistro Galego de Comercio ou ter solicitada a inscrición con anterioridade á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

2. Non poderán ser beneficiarios destas axudas as empresas en crise, conforme a definición prevista no artigo 1 número 7 do Regulamento (CE) nº 800/2008, do 6 de agosto, da Comisión en relación coas pemes e conforme o disposto no número 2.1 das directrices comunitarias sobre axudas estatais de salvamento e de reestruturación de empresas en crise (2004/C 244/02) en relación coas grandes empresas.

Artigo 4. *Solicitudes*

1. As solicitudes para participar no procedemento da concesión da subvención presentaranse na forma e prazo que se indica na convocatoria.

2. Xunto coa solicitude deberá presentarse a seguinte documentación:

• Anexo V, que conterá:

– Declaración expresa sobre a concesión, ou solicitude doutras axudas ou subvencións para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

– Declaración expresa sobre a concesión ou solicitude doutras axudas por calquera concepto suxeitas ao réxime *de minimis* nos anos fiscais 2012, 2013 e 2014.

– Declaración expresa de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007.



– Declaración expresa de estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007.

– Autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deben emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda de la Xunta de Galicia.

2.1. Documentación xurídico-administrativa da entidade solicitante (orixinal ou copia compulsada) que deberá estar en vigor:

– Se é unha persoa física:

– Só no caso de non autorizar a súa verificación, documento nacional de identidade ou número de identificación de estranxeiro.

– No caso de persoa xurídica:

– Número de identificación fiscal.

– Acta, escritura ou documento de constitución, estatutos e, se é o caso, modificación deles, debidamente legalizados. A referida documentación deberá acreditar que o seu obxecto social abrangue a actividade para a cal se solicita a subvención.

– Só no caso de non autorizar a súa verificación, documento nacional de identidade e documento acreditativo de poder bastante para actuar ante a Administración do representante legal da entidade solicitante.

– No caso de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade xurídica, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado sen personalidade xurídica:

– Número de identificación fiscal.

– Acta, escritura ou documento de constitución, estatutos e, se é o caso, modificación deles, debidamente legalizados. A referida documentación deberá acreditar que o seu obxecto social abrangue a actividade para a cal se solicita a subvención.

Deberán constar expresamente (anexo VI) os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación e o importe de subvención que se aplicará por cada un,



que terán igualmente a consideración de beneficiarios. Deberá nomearse un representante único da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que corresponden á agrupación. Non poderá disolverse ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei de subvencións de Galicia.

2.2. Certificación expedida pola Axencia Tributaria, na cal se indiquen as epígrafes do imposto de actividades económicas en que figura dada de alta a entidade solicitante.

2.3. Certificacións emitidas polos organismos competentes, acreditativas de estar ao día no cumprimento das súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, no caso de ter iniciada a actividade.

As certificacións indicadas nos puntos 2.2 e 2.3 só deben presentarse no caso de que a entidade solicitante denegue expresamente a autorización ao órgano xestor para que a solicite de oficio. Se o certificado dispón de código electrónico de verificación coa Administración pública correspondente, poderá presentarse o devandito documento sen compulsar.

2.4. Documentación acreditativa do número de traballadores da empresa (TC2) do mes anterior á presentación da solicitude ou, se é o caso, certificación da Seguridade Social da non existencia de traballadores.

2.5. Memoria de cada unha das actividades para as cales se solicita subvención, que incluíra a súa descrición, obxectivos e valoración das actuacións que se pretenden executar, acompañada de documentos gráficos e fotografías.

2.6. Facturas ou, no seu defecto, facturas pro forma ou orzamento detallado de gastos previstos para a realización de cada unha das actividades ou adquisicións para as cales se solicita subvención. Non terán a consideración de orzamentos as estimacións de gastos realizadas polo solicitante e que carezan do soporte da oferta do provedor ou tarifa oficial do gasto nin se admitirán aqueles orzamentos que non presenten a suficiente desagregación para determinar o carácter subvencionable dos conceptos relacionados nel.

2.7. Título de propiedade, cesión ou doazón, ou ben copia do contrato de aluguer ou traspaso a nome do solicitante. Se nos documentos presentados non se indica expresamente a posibilidade de que se poidan realizar reformas no local, deberá achegarse autorización expresa do propietario para realizar reformas nel.



2.8. Para os efectos sinalados no artigo 9 destas bases, presentarase, de ser o caso, a seguinte documentación, que en ningún caso será obxecto de requirimento:

– Certificado/s da/s entidade/s bancaria/s onde figure que o solicitante posúe medios de pagamento electrónicos.

– Certificado expedido polo órgano competente de estar integrado nun centro comercial aberto ou asociación de comerciantes ou empresarios.

– Copia compulsada do documento acreditativo de rexistro como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego.

A documentación complementaria poderase presentar electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto no artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

Artigo 5. *Consentimentos e autorizacións*

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación das bases reguladoras.

De conformidade co artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as solicitudes das persoas interesadas irán acompañadas dos documentos e as informacións determinados na norma ou convocatoria, salvo que os documentos exixidos xa estean en poder de calquera órgano da administración actuante; neste caso, a entidade solicitante poderá acollerse ao establecido na letra f) do artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia en que foron presentados (para estes efectos, de ser posible, indicárase o código do procedemento) ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan.



No suposto de imposibilidade material de obter a documentación conforme o punto anterior ou que se constate a súa invalidez, o órgano competente poderá requirir o solicitante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

Igualmente, de conformidade co mesmo artigo 20.3º da Lei 9/2007, se o solicitante indica que certa documentación que se deba usar neste procedemento xa consta no poder da consellería, a presentación da solicitude implica a autorización ao órgano instrutor para acceder a esa documentación.

2. A presentación da solicitude de concesión de subvención polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, a persoa solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, e neste caso deberá presentar a certificación nos termos previstos regulamentariamente.

3. De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, a Consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, se poidan impoñer nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a referida publicidade.

Artigo 6. *Órganos competentes*

A Dirección Xeral de Comercio será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión da subvención, así como para realizar a proposta de resolución ao conselleiro, correspondendo ao conselleiro de Economía e Industria ditar a resolución que corresponda, sen prexuízo da delegación noutros órganos.

Artigo 7. *Instrución dos procedementos*

1. De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común,



se a solicitude non reúne algún dos requisitos esixidos nestas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria, requirirase a persoa interesada para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou presente os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixer, terase por desistido na súa petición, logo da correspondente resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da devandita lei.

2. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderá requirirse o solicitante para que subministre cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

3. Unha vez revisadas as solicitudes e feitas as emendas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración, de acordo co establecido no artigo seguinte.

4. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, na cal se indicarán as causas desta.

Artigo 8. *Comisión de valoración*

1. A comisión de valoración será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes de acordo cos criterios obxectivos fixados no artigo seguinte, así como de propoñer a concesión ou denegación das subvencións aos interesados.

2. A composición da comisión de valoración será a seguinte:

1º. Presidente/a: subdirector/a da Dirección Xeral de Comercio.

2º. Vogal: un/unha xefe/a de servizo da Dirección Xeral de Comercio.

3º. Vogal: un/unha xefe/a de sección da Dirección Xeral de Comercio.

4º. Vogal: un/unha técnico/a da Dirección Xeral de Comercio, que fará as funcións de Secretario/a.

3. Na proposta de concesión que formule a comisión figurarán de forma individualizada os solicitantes propostos para obter a subvención, especificándose a valoración que lles



corresponde segundo os criterios recollidos no artigo seguinte. Así mesmo, indicárase o importe da subvención para cada un deles, ata esgotar o crédito dispoñible.

4. O resto das actuacións subvencionables quedará en reserva para ser atendidas, ben co crédito que quede libre de producirse algunha renuncia ou modificación nos proxectos inicialmente subvencionados, ben co incremento dos créditos orzamentarios destinados a estas subvencións. Para estes efectos, poderán realizarse sucesivas propostas de resolución conforme o sinalado neste artigo.

Artigo 9. *Criterios de valoración*

1º. Posta á disposición dos clientes de medios de pagamento electrónicos, 2 puntos.

2º. Por estar adherido ao Sistema arbitral de consumo, 2 puntos.

3º. Por pertenza a unha asociación de comerciantes ou empresarios, ou por estar integrado nun centro comercial aberto, 2 puntos.

4º. Por exercer a actividade nun municipio de menos de 5.000 habitantes, 2 puntos.

5º. Se o local comercial está situado nos seguintes concellos, 2 puntos.

- Concellos das comarcas de Ferrol, Eume e Ordeal: concellos da Capela, As Pontes de García Rodríguez, Ares, Cabanas, Cariño, Cedeira, Cerdido, Fene, Ferrol, Mañón, Moeche, Monfero, Mugardos, Narón, Neda, Ortigueira, Pontedeume, San Sadurniño, As Somozas, Valdoviño.

- Concellos da Costa da Morte: A Laracha, Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Carnota, Cee, Corcubión, Coristanco, Dumbria, Fisterra, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Muros, Muxía, Ponteceso, Santa Comba, Vimianzo, Zas.

- Concellos da provincia de Lugo.

- Concellos da provincia de Ourense.

6º. Por ser muller a persoa titular da actividade, 1 punto.

7º. Se o titular da actividade está en situación de desemprego no último ano, contado desde a data de publicación desta orde, 3 puntos.



Unha vez esgotado o crédito dispoñible, no caso de que máis dunha solicitude obteña a mesma puntuación, o desempate realizarase tendo en conta os seguintes criterios:

- 1º. Situación de desemprego no último ano.
- 2º. Menor contía da subvención solicitada.
- 3º. Exercer a actividade en concellos de menos de 5.000 habitantes.

Artigo 10. *Audiencia*

1. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, poñeráselles de manifesto aos interesados para que, nun prazo de dez días, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que consideren pertinentes.

2. Non obstante, poderase prescindir do trámite a que se refire o punto anterior cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

Artigo 11. *Resolución e notificación*

1. Unha vez concluído o trámite de audiencia, o instructor formulará a proposta de resolución, que se elevará, a través do órgano instructor, ao conselleiro.

2. O conselleiro, á vista da proposta, ditará a correspondente resolución que deberá estar debidamente motivada e expresará, cando menos, a actuación que se subvenciona e o seu custo, así como a subvención concedida e a súa contía ou, se é o caso, a causa de denegación.

En ningún caso o importe das subvencións concedidas poderá superar o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario ou, se é o caso, a porcentaxe máxima do investimento subvencionable establecido.

3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao interesado será de tres meses, contados a partir do día seguinte ao do remate de presentación de solicitudes. Se transcorre o prazo máximo para resolver sen que recaia resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.



4. Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Nesa notificación comunicarase o importe previsto da axuda, expresado en equivalente bruto de subvención, e o seu carácter de axuda *de minimis*, en aplicación do Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas *de minimis* (DOUE L379/5, do 28.12.2006).

As resolucións de inadmisión ou desestimación de solicitudes notificaranse individualmente, con indicación das súas causas.

Artigo 12. *Réxime de recursos*

As resolucións ditadas ao abeiro da correspondente orde de convocatoria poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

1º. Recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Economía e Industria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta é expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

2º. Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta é expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 13. *Modificación da resolución*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. O órgano competente para a concesión da subvención poderá acordar a modificación da resolución por instancia do beneficiario, e cumpriranse, en todo caso, os seguintes requisitos:

1º. Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade das normas ou bases reguladoras.



2º. Que se acredite a inexistencia de prexuízos a terceiros.

3º. Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de ter concurrido na concesión inicial, non supoñan a denegación da axuda ou subvención.

3. O beneficiario deberá solicitar a modificación mediante instancia dirixida ao conselleiro de Economía e Industria xunto coa documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos sinalados no punto anterior, cun límite de vinte días hábiles antes da data de finalización do prazo de xustificación do investimento.

4. O acto polo que se acorde a modificación da resolución ou, se é o caso, se denegue, será ditado polo órgano concedente despois da instrución do correspondente expediente, no cal se dará audiencia aos interesados na forma prevista no artigo 10 destas bases.

Artigo 14. *Aceptación e renuncia*

1. Sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución, transcorridos dez días hábiles desde a notificación ou publicación desta sen que o interesado comunicase expresamente a súa renuncia á subvención, entenderase que a acepta e, desde ese momento, adquirirá a condición de beneficiario.

2. A renuncia á subvención, debidamente motivada, poderase facer por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 91 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. En caso de que se comunique a renuncia en prazo, o conselleiro ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 42.1º da mesma lei.

Artigo 15. *Obrigas dos beneficiarios*

Son obrigas do beneficiario:

1º. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

2º. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o desfrute da subvención.



3º. Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedente, así como calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o cal se achegará canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

4º. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, especificando aquelas axudas *de minimis* obtidas, para os efectos de poder comprobar o cumprimento do límite cuantitativo a que fai referencia o artigo 1.2º destas bases. Así mesmo, comunicar a modificación das circunstancias que fundamentaron a concesión da subvención.

5º. Acreditar con anterioridade a se ditar a proposta de resolución de concesión que está ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, na forma que se determine regulamentariamente, e sen prexuízo do establecido na disposición adicional décimo oitava da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

6º. No suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables, a persoa beneficiaria deberá destinar os bens ao fin concreto para o cal se concedeu a subvención, por un período mínimo de cinco anos no caso de bens inscrites nun rexistro público ou de dous anos para o resto de bens, contados desde o remate do prazo de execución do proxecto.

No caso de bens inscrites nun rexistro público, deberá facerse constar na escritura esta circunstancia, así como o importe da subvención concedida; estes datos deberán ser obxecto de inscrición no rexistro público correspondente.

7º. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da devandita lei.

8º. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.



Artigo 16. *Obrigas específicas de publicidade*

Adoptar as medidas de difusión contidas no punto 3 do artigo 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Os beneficiarios deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do artigo 15.3º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. En concreto, as entidades beneficiarias de axudas deberán facer constar o cofinanciamento dos activos adquiridos ao abeiro desta axuda con fondos da Xunta de Galicia a través da Consellería de Economía e Industria. Para isto empregarán adhesivos ou distintivos similares coa lenda «Proxecto cofinanciado», acompañada do escudo normalizado da Xunta de Galicia.

Artigo 17. *Subcontratación*

Enténdese que un beneficiario subcontrata cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constituía o obxecto da subvención. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos en que teña que incurrir o beneficiario para a realización por si mesmo da actividade subvencionada.

Será de aplicación o disposto nos artigos 27 da Lei 9/2007 e 43 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007.

Faise especial indicación de que as persoas ou entidades subcontratadas non poderán estar vinculadas coa entidade solicitante salvo que concorran as seguintes circunstancias:

1ª. Que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado.

2ª. Que se solicite e conceda a súa previa autorización (a solicitude de autorización e a súa xustificación presentaranse xunto coa solicitude de subvención).

Artigo 18. *Xustificación da subvención*

1. O pagamento da subvención quedará condicionada á presentación, nos lugares sinalados no artigo 2 da convocatoria e ata o 10 de novembro de 2014, do orixinal ou copia compulsada da seguinte documentación:

a) Xustificantes dos investimentos: facturas dos provedores e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa nos



termos que se establezan regulamentariamente (importe sen IVE e importe total), en relación cos gastos subvencionables, emitidas dentro do período comprendido entre a data de inicio do proxecto e a data límite de xustificación do proxecto.

b) Xustificación dos pagamentos: acreditarase a través de transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto de pagamento comprendido entre a data de inicio do proxecto e a data límite da xustificación do proxecto. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.

Así mesmo, non se admitirán como xustificantes os obtidos a través da internet se non están validados pola entidade bancaria ou dispoñen de códigos para a súa verificación por terceiros na sede electrónica da devandita entidade bancaria.

c) Fotografías das zonas reformadas que amosen as obras realizadas obxecto da subvención, así como das actuacións de mellora da imaxe, que serán tomadas desde o mesmo ángulo desde o que se realizaron as remitidas coa solicitude.

d) No caso de que o solicitante denegue expresamente a autorización ao órgano xestor, certificacións expedidas polos organismos competentes, acreditativas de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Se o certificado dispón de código electrónico de verificación coa Administración pública correspondente, poderá presentarse este documento sen compulsar.

e) No caso de que a subvención concedida teña por obxecto a construción dunha páxina web, acreditación do rexistro do dominio da páxina.

f) Anexo V da orde de convocatoria debidamente asinado.

2. Os órganos competentes da Consellería de Economía e Industria poderán solicitar as aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que consideren convenientes.

Artigo 19. *Pagamento*

1. Recibida a documentación xustificativa da subvención, os órganos competentes da Consellería, antes de proceder ao seu pagamento, poderán realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da actividade subvencionada.



2. O libramento da subvención aboarase nun único pagamento, mediante transferencia bancaria á entidade financeira ao número de conta designado polo beneficiario.

3. As subvencións minoraranse proporcionalmente se o investimento xustificado é inferior ao orzamento que serviu de base para a resolución de concesión, sempre que esta garantida a consecución do obxecto. En caso de concorrencia con outras subvencións ou axudas, observarase o establecido no artigo 2 desta orde.

Artigo 20. *Incumprimento, reintegros e sancións*

1. Nos supostos de falta de xustificación, de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia ou de incumprimento dos deberes contidos nestas bases reguladoras, na convocatoria ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de mora correspondente desde o momento do pagamento da subvención, incluíndo a data en que se acorde a orixe do reintegro.

2. O procedemento para declarar a orixe da perda deste dereito será o establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia.

3. Aos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da dita Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 21. *Control*

1. A Consellería de Economía e Industria poderá levar a cabo as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento das subvencións.

2. Á parte do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, de ser o caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.



Artigo 22. *Publicidade*

No prazo máximo de tres meses, contados desde a data de resolución da concesión, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, beneficiario, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

Non obstante o anterior, cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000 euros, non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, e será substituída pola publicación das subvencións concedidas na páxina web da Consellería de Economía e Industria.

Artigo 23. *Remisión normativa*

Para todo o non previsto nestas bases se aplicará o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no regulamento desta lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, e modificado pola Lei 5/2000, do 28 de decembro; na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia vixente na anualidade no Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas *de minimis* DO L 379 do 28.12.2006 e no resto da normativa que resulte de aplicación.

ANEXO II**Epígrafes do IAE subvencionables**

641. Comercio polo miúdo de froitas, verduras, hortalizas e tubérculos.

642. Comercio polo miúdo de carnes e miúdos; de produtos derivados cárnicos elaborados; de ovos, aves, coellos de granxa, caza; e de produtos derivados deles.

643. Comercio polo miúdo de peixes e doutros produtos da pesca e da acuicultura e caracois.

644. Comercio polo miúdo de pan, pastalaría, confeitaría e similares, e de leite e produtos lácteos.



645. Comercio polo miúdo de viños e bebidas de todas clases.

647.1. Comercio polo miúdo de produtos alimenticios e de bebidas en establecementos con vendedor.

647.2. Comercio polo miúdo de produtos alimenticios e de bebidas en réxime de auto-servizo ou mixto en establecementos cuxa sala de vendas teña unha superficie inferior a 120 metros cadrados.

647.3. Comercio polo miúdo de calquera clase de produtos alimenticios e de bebidas en réxime de autoservizo ou mixto en supermercados, denominados así cando a superficie da súa sala de vendas se encontre comprendida entre 120 e 399 metros cadrados.

651. Comercio polo miúdo de produtos téxtiles, confección, calzado, peles e artigos de coiro.

652.2. Comercio polo miúdo de produtos de drogaría, perfumaría e cosmética, limpeza, pinturas, vernices, disolventes, papeis e outros produtos para a decoración e de produtos químicos.

652.3. Comercio polo miúdo de produtos de perfumaría e cosmética, e de artigos para hixiene e aseo persoal.

652.4. Comercio polo miúdo de plantas e herbas en herbolarios.

653. Comercio polo miúdo de artigos para o equipamento do fogar e a construción.

654.2. Comercio polo miúdo de accesorios e pezas de recambio para vehículos.

654.5. Comercio polo miúdo de toda clase de maquinaria.

657. Comercio polo miúdo de instrumentos musicais en xeral, así como dos seus accesorios.

659.2. Comercio polo miúdo de mobles de oficina e máquinas e equipamentos de oficina.



659.3. Comercio polo miúdo de aparellos e instrumentos médicos, ortopédicos, ópticos e fotográficos.

659.4. Comercio polo miúdo de libros, xornais, artigos de papelería e escritorio e artigos de debuxo e belas artes.

659.5. Comercio polo miúdo de artigos de xoiaría, reloxaría, prataría e bixería.

659.6. Comercio polo miúdo de xoguetes, artigos de deporte, roupa deportiva, de vestido, calzado e lacado, armas, cartuchería e artigos de pirotecnia.

659.7. Comercio polo miúdo de sementes, fertilizantes, flores e plantas e pequenos animais.

661.3. Comercio polo miúdo en almacéns populares, entendendo por tales aqueles establecementos que ofrecen en seccións múltiples e venden en autoservizo ou en preselección un variado relativamente amplo e pouco profundo de bens de consumo, cunha gama de prezos baixa e un servizo reducido.

662.2. Comercio polo miúdo de toda clase de artigos.

663. Comercio polo miúdo fóra dun establecemento comercial permanente.



ANEXO III
Concellos con menos de 5.000 habitantes (cifras oficiais da poboación en 1 de xaneiro de 2012)

A Coruña		Lugo			
Concello	Hab.	Concello	Hab.	Concello	Hab.
Aranga	2.072	Abadín	2.760	Ribas de Sil	1.058
Baña, A	3.967	Alfoz	2.009	Ribeira de Piquín	630
Boimorto	2.200	Antas de Ulla	2.219	Riotorto	1.439
Boqueixón	4.417	Baleira	1.448	Samos	1.556
Cabana de Bergantiños	4.759	Baralla	2.834	Saviñao, O	4.314
Cabanas	3.299	Barreiros	3.124	Sober	2.478
Capela, A	1.376	Becerreá	3.072	Taboada	3.221
Cariño	4.373	Begonte	3.322	Trabada	1.268
Carnota	4.605	Bóveda	1.589	Triacastela	756
Cerdido	1.312	Carballedo	2.532	Valadouro, O	2.123
Cesuras	2.174	Castroverde	2.887	Vicedo, O	1.895
Coirós	1.765	Cervantes	1.593	Xermade	2.101
Corcubión	1.731	Cervo	4.483	Xove	3.512
Curtis	4.159	Corgo, O	3.828		
Dodro	2.977	Folgoso do Courel	1.160		
Dumbría	3.291	Fonsagrada, A	4.198		
Fisterra	4.990	Friol	4.137		
Frades	2.566	Guntín	3.018		
Irixoa	1.492	Incio, O	1.875		
Laxe	3.313	Láncara	2.866		
Lousame	3.621	Lourenzá	2.399		
Mañón	1.537	Meira	1.775		
Mazaricos	4.533	Mondoñedo	4.183		
Mesía	2.879	Monterroso	3.969		
Moeche	1.358	Muras	754		
Monfero	2.129	Navia de Suarna	1.337		
Oza dos Ríos	3.227	Negueira de Muñiz	213		
Paderne	2.597	Nogais, As	1.295		
Pino, O	4.732	Ouroi	1.142		
Rois	4.871	Palas de Rei	3.656		
San Sadurniño	3.061	Pantón	2.860		
Santiso	1.838	Paradela	2.038		
Sobrado	2.037	Páramo, O	1.555		
Somozas, As	1.279	Pastoriza, A	3.393		
Toques	1.302	Pedrafita do Cebreiro	1.199		
Tordoia	3.924	Pobra do Brollón, A	1.968		
Touro	3.979	Pol	1.794		
Trazo	3.433	Pontenova, A	2.673		
Val do Dubra	4.234	Portomarín	1.690		
Vilarmador	1.261	Quiroga	3.595		
Vilasantar	1.368	Rábade	1.674		



Ourense				Pontevedra	
Concello	Hab.	Concello	Hab.	Concello	Hab.
Amoeiro	2.278	Monterrei	2.924	Agolada	2.803
Arnoia, A	1.051	Muíños	1.779	Arbo	3.191
Avión	2.408	Nogueira de Ramuín	2.336	Barro	3.724
Baltar	1.076	Oímbra	2.062	Campo Lameiro	2.009
Bande	1.958	Paderne de Allariz	1.574	Catoira	3.484
Baños de Molgas	1.774	Padrenda	2.244	Cerdedo	1.916
Beade	500	Parada de Sil	648	Cotobade	4.394
Beariz	1.205	Peroxa, A	2.085	Covelo	2.931
Blancos, Os	974	Petín	982	Crecente	2.367
Boborás	2.862	Piñor	1.322	Cuntis	4.992
Bola, A	1.398	Pobra de Trives, A	2.388	Dozón	1.328
Bolo, O	1.084	Pontedeva	654	Forcarei	3.916
Calvos de Randín	1.064	Porqueira	1.005	Fornelos de Montes	1.906
Carballeda de Avia	1.487	Punxín	801	Illa de Arousa, A	4.981
Carballeda de Valdeorras	1.773	Quintela de Leirado	716	Lama, A	2.918
Cartelle	3.163	Rairiz de Veiga	1.568	Meis	4.992
Castrelo de Miño	1.754	Ramirás	1.812	Mondariz	4.841
Castrelo do Val	1.169	Riós	1.803	Mondariz-Balneario	690
Castro Caldelas	1.486	Rúa, A	4.695	Moraña	4.402
Cenlle	1.331	Rubiá	1.557	Neves, As	4.300
Chandrexa de Queixa	586	San Amaro	1.237	Oia	3.101
Coles	3.216	San Cibrao das Viñas	4.745	Pazos de Borbén	3.170
Cortegada	1.277	San Cristovo de Cea	2.560	Pontecesures	3.123
Cualedro	1.924	San Xoán de Río	685	Portas	3.073
Entrimo	1.391	Sandiás	1.342	Rodeiro	2.931
Esgos	1.180	Sarreaus	1.408		
Gomesende	914	Taboadela	1.642		
Gudiña, A	1.506	Teixeira, A	415		
Irixo, O	1.689	Toén	2.567		
Larouco	557	Trasmiras	1.534		
Laza	1.541	Veiga, A	1.036		
Leiro	1.763	Verea	1.150		
Lobeira	909	Viana do Bolo	3.180		
Lobios	2.175	Vilamarín	2.119		
Maceda	3.112	Vilamartín de Valdeorras	1.988		
Manzaneda	1.001	Vilar de Barrio	1.572		
Maside	2.969	Vilar de Santos	922		
Melón	1.479	Vilardévós	2.131		
Merca, A	2.197	Vilariño de Conso	632		
Mezquita, A	1304	Xunqueira de Ambía	1649		
Montederramo	894	Xunqueira de Espadanedo	892		

Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes. Extraído de: <http://www.ine.es>





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA

ANEXO IV

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
SUBVENCIONS PARA A APERTURA DE NOVOS ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS	IN217A	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL							NIF
<input type="text"/>							<input type="text"/>
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA			NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CARGO			
<input type="text"/>			

ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)							
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA			NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					

DATOS BANCARIOS							
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.							
TITULAR DA CONTA				NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)			
<input type="text"/>				IBAN	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

SITUACIÓN DO ESTABLECEMENTO PARA O CAL SE SOLICITA A AXUDA		
ENDEREZO DO ESTABLECEMENTO		
<input type="text"/>		
PROVINCIA	CONCELLO	M ² SUPERFICIE COMERCIAL
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

PERSOA DE CONTACTO			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		

DATOS DO INVESTIMENTO E CONTÍA SOLICITADA		
Actuación	Importe investimento	Importe subvención solicitada (máximo 50 % do investimento)
Acondicionamento do local comercial (investimento máximo 12.000 €)		
Mellora da imaxe exterior, moblaxe e equipamento comercial (investimento máximo 6.000 €)		
Investimento en tecnoloxías da información e da comunicación (investimento máximo 2.000 €)		
TOTAL		





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA

ANEXO IV
(Continuación)

A PERSONA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA

1) Que respecta a prohibición de subcontratación con terceiros nos que recaia algunha das condicións establecidas no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 43 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007.

Que as persoas ou entidades subcontratadas para a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención (sinale cunha "X" o que proceda):

- Non están vinculadas coa entidade solicitante ou cos seus órganos directivos ou xestores.
 Si están vinculadas coa entidade solicitante, polo que se achega a xustificación e solicitude de autorización previstas no artigo 17 da orde de convocatoria.

2) Que a devandita empresa non ten a consideración de empresa en crise conforme a definición prevista no artigo 1 número 7 do Regulamento (CE) nº 800/2008, do 6 de agosto, da Comisión en relación as pemes e conforme o disposto no número 2.1 das directrices comunitarias sobre axudas estatais de salvamento e de reestruturación de empresas en crise (2004/C 244/02) en relación coas grandes empresas.

3) Que para a actuación obxecto de solicitude de subvención, se compromete á utilización da lingua galega en todas as relacións que o interesado manteña coa Administración autonómica como consecuencia do procedemento administrativo polo que se concede esta subvención, así como nas actividades para as cales se solicita a axuda, sempre que a natureza destas o permita.

- SI NON

4) Que o seu local comercial non supera os 150 m² de superficie comercial destinada á exposición e venda ao público (esta limitación non será de aplicación para as actividades encadradas nas epígrafes 653.1 e 663).

5) Autorizo a Dirección Xeral de Comercio a:

- De conformidade co artigo 6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, a obter da Axencia Estatal da Administración Tributaria os epígrafes do IAE nas que figura de alta a entidade solicitante.

- SI NON

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU QUE SE DECLARA QUE ESTÁ EN PODER DA ADMINISTRACIÓN

	PRESENTADO	CÓD. PROC.	EXpte.	ANO
<input type="checkbox"/> Anexo V				
<input type="checkbox"/> ANEXO VII (só no caso de que o solicitante sexa unha comunidade de bens, sociedade civil ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado).				
<input type="checkbox"/> No caso de persoa física e só no caso de non autorizar a súa verificación, documentación acreditativa da personalidade da entidade solicitante (DNI).	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> No caso de persoas xurídicas NIF da entidade solicitante.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Acta, escritura ou documento de constitución e estatutos da entidade solicitante.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Só no caso de non autorizar a súa verificación, documentación acreditativa da personalidade (DNI) do representante legal da entidade solicitante.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Poder bastante para actuar ante a Administración do representante legal da entidade solicitante.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Só no caso de non autorizar o órgano xestor a súa petición, certificación expedida pola Axencia Tributaria en que consten as epígrafes do IAE en que figura de alta a entidade solicitante.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Só no caso de non autorizar o órgano xestor a súa petición, certificación expedida polos organismos competentes, acreditativas de estar ao día no cumprimento dos seus deberes coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría da Seguridade Social e a Consellería de Facenda.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Se é o caso, TC2 do mes anterior á presentación da solicitude ou certificación da Seguridade Social de non existencia de traballadores.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Memoria de cada unha das actividades para as cales se solicita subvención, que incluíra a súa descrición, obxectivos e valoración das actuacións que se pretenden executar, acompañada de documentos gráficos.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Facturas, facturas pro forma ou orzamentos detallados dos gastos previstos.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Título de propiedade, cesión ou doazón, ou ben copia do contrato de alugamento ou traspaso a nome do solicitante, do local comercial.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Se é o caso, certificado/s da/s entidade/s bancaria/s onde figure que o solicitante posúe medios de pagamento electrónicos.	<input type="checkbox"/>			





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA

ANEXO IV
(Continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU QUE SE DECLARA QUE ESTÁ EN PODER DA ADMINISTRACIÓN

	PRESENTADO	CÓD. PROC.	EXPTE.	ANO
<input type="checkbox"/> Se é o caso, certificado expedido polo órgano competente de estar integrado nun centro comercial aberto ou asociación de comerciantes ou empresarios.	<input type="checkbox"/>			
<input type="checkbox"/> Se é o caso, copia do documento acreditativo de rexistro como demandante de emprego no servizo público de emprego.	<input type="checkbox"/>			

Autorizo a Dirección Xeral de Comercio, de conformidade cos artigos 35 letra f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o artigo 4 da Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, á consulta da documentación indicada anteriormente.

Así mesmo, declaro que a dita documentación se mantén vixente na actualidade e que non transcorrerón máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que corresponden.

Autorizo a Dirección Xeral de Comercio, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e coa Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, para a consulta dos datos de identidade do solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

SI NON (neste caso achegarse a documentación correspondente)

De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, a Dirección Xeral de Comercio publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde. Inclúirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, se poidan impoñer nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitud leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a referida publicidade.


En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitud se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 27 de decembro de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para a apertura de novos establecementos comerciais e se procede á súa convocatoria para o ano 2014 (código de procedemento IN217A).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de


Dirección Xeral de Comercio



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA

ANEXO V

DATOS DA PERSONA SOLICITANTE

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas, DECLARA o seguinte

- Non se solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.
 Si se solicitou e/ou ten concedidas axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

Convocatoria ⁽¹⁾	Organismo	Código expediente ⁽²⁾	S/C/P ⁽³⁾	Data	Importe (€)

 Ademais, declara expresamente (réxime *de minimis*) que a citada entidade, durante os anos 2012, 2013 e 2014.

- Non obtivo ningunha subvención ou axuda pública, por calquera concepto, suxeita ao réxime *de minimis*.
 Si obtivo ou solicitou outras subvencións e/ou axudas públicas, por calquera concepto, suxeitas ao réxime *de minimis* que son as que a seguir se relacionan:

Convocatoria ⁽¹⁾	Organismo	Código expediente ⁽²⁾	S/C/P ⁽³⁾	Data	Importe (€)

(1) Indicar a orde da convocatoria da axuda ou subvención para a cal se solicitaron ou recibiron axudas doutros organismos.

(2) De non coñecerse o código de expediente, reflectir o programa ou liña de axudas do organismo.

(3) Indicar a situación actual da axuda: S (solicitada), C (concedida), P (pagada).

Así mesmo, comprométo-me a comunicarlle á Dirección Xeral de Comercio calquera nova solicitude, concesión ou pagamento que se produza con posterioridade á presente declaración e, en todo caso, antes do cobramento da/s axuda/s correspondente/s á presente solicitude.

Declaro baixo a miña responsabilidade non estar incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas conforme o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.


Declaro baixo a miña responsabilidade estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións conforme o artigo 10.2.f) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Autorizo a Consellería, de conformidade co artigo 6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, para a obtención do certificado da Tesouraría Xeral da Seguridade Social e da Axencia Estatal de Administración Tributaria de estar ao día nas súas obrigas. Así mesmo, e de conformidade co artigo 4 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009 que o desenvolve, para a obtención do certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia de estar ao día nas obrigas tributarias.

- Si Non

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E INDUSTRIA

ANEXO VI

(Só no caso de que o solicitante sexa unha comunidade de bens, sociedade civil ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado)

DECLARACIÓN-COMPROMISO PARA OS EFECTOS DO SINALADO NO ARTIGO 8.3 DA LEI 9/2007, DE SUBVENCIÓNS DE GALICIA PARA O PROCEDIMENTO IN217A-2014


Para os efectos de facer efectivo o cumprimento da normativa recollida no artigo 8.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

NOME DO MEMBRO DA AGRUPACIÓN	NIF	COTA DE PARTICIPACIÓN NA AGRUPACIÓN (%)	COMPROMISO DE EXECUCIÓN PARA ESTE PROXECTO (%)	IMPORTE APLICABLE DE SUBVENCIÓN (%)

Na súa calidade de membros dunha comunidade de bens, sociedade civil ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado sen personalidade xurídica con NIF

SINATURA DE TODOS OS MEMBROS DA ENTIDADE

Lugar e data

 , de de 

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>